

---

# Con verso animado

Escolma poética de alumnado de 1º ESO

Obradoiro poético en Lingua e literatura galegas, curso 18-19



## Con verso animado



### **Un barco no porto**

observa o amencer  
cun bote doado  
van adormecer.

---

IRIA FERREIRO

---

### **Cos tractores grandes,**

labores falantes.

Cos tractores pequenos,  
labores labregos.

Cos tractores novos,  
acelerar coma un tolo.

Cos tractores vellos,  
frear coma un cego.

### **5 razóns polas que cortarías contigo**

Se me apartas dos meus amigos

Se me feres e non me alegras

Se non me deixas vestirme como quero

Se gritas e non falas


Se non me aceptas como son

### **Non quero ser a túa escrava**

Non quero que me poñas selo

Só quero acompañarte nesta viaxe

## Con verso animado



### **A montaña esperta na saudade**

mentres a neve brilla sen parar  
e as pedras non se paran de preguntar  
“por que tanta soidade?”.

---

LEYRE LIÑARES

---

A lúa berra desde o alto  
reclamando que as estrelas  
lle fagan caso  
porque tan soa se sente  
que o silencio invade o seu ser

### **A area marcaba as pisadas das andadas da**

xente,  
mentres que o parasol xogaba ás agachadas  
coas gaivotas.  
As rochas observaban os cangrexos camiñar  
por enriba delas.  
E o mar vía como xogaban os seus compañeiros.

---


YANIRA VEIGA

---

### **As nubes son almofadas**

O sol é unha mirada intensa que reflicte os  
sentimentos dalgunha persoa  
Achégame alá arriba  
a ver como aquela mirada derrama lágrimas  
sobre o mundo

## Con verso animado



### **O instituto**

As papeleiras,  
tristes por estar baleiras.  
As escaleiras,  
preocupadas por estar cheas.

---

SOFÍA PAOLA  
CHANG

---

### **A pobreza**

A pobreza é dura.  
A pobreza é difícil.  
Cruzar unha rañura.  
Cruzar un mísil.


### **5 razóns polas que cortarías contigo**

Se me quitas as miñas razóns  
Se me abandonas nos meus problemas  
Se me mentes  
Se me ofreces cousas imposibles  
Se me ocultas as túas emocións

### **Non quero vivir atada**

Non quero que a xente me observe  
Só quero algo que nos una en pensamentos

## Con verso animado



**Nunha paisaxe contaminada,**  
a montaña pide auxilio,  
os peixes do río berran,  
pero a fábrica segue contaminando.

---

MARCOS GARCÍA

---

Nun paisaxe colorida,  
a montaña ri,  
os peixes do río xogan e  
as árbores volven medrar.

**O mar líquido asasino**  
con gadoupas xigantes  
que azoutan as rochas.

Líquido cheo de vida  
que susurra paz e  
transmite alegría.

## Con verso animado



**A almofada escoitaba os seus problemas,**  
a cama collíaa nas súas pernas,  
as sabas limpábanlle as bágoas e  
a escuridade ocultaba a súa dor.

---

VALERY DANIELA  
GARCÍA

---

**Correrei perseguindo o meu soño,**  
correrei deixando os problemas atrás.  
Voarei, chegando á cima,  
voarei conseguindo ser eu mesma.

**Camiño pola montaña nevada,**  
saba branca con enrugas.  
Dou saltos entre as rochas,  
ferro mollado pola auga.


---

JADY MONIKY  
ALMEIDA

---

**Nadarei nun océano azul.**  
Nadarei nun océano fondo.  
Pescarei cos brazos cansos.  
Pescarei os peixes brancos.

## Con verso animado



### **Por que será que**

a vida mentres que pasa  
vémola escura?

Será que nalgún futuro  
encontraremos a árbore da paz?

Onde estarás, árbore  
de amor e alegría?

Cando te atoparei  
para que me abrases e  
me quites ese peso de  
enriba que teño?

---

**YEIMY LORENA  
CRUZ**

---

### **Cun peso encima**

a cama quere chorar.

Cunha lágrima do bolso  
o chan entristécese.

A luz ten harmonía  
e alegría,

pero cando ao seu amigo  
interruptor o golpean,  
ela deprímese.

## Con verso animado



### **Rabaños de nubes**

guiados por vagalumes brillantes.  
O algodón que desprenden  
cae nos campos.

---

**ADRIÁN  
ALDEMUDE**

---

### **O banco ollaba con tranquilidade**

o divertido que era ver  
a pelota xogar ao fútbol coa árbore  
mentres o tobogán non paraba de rir  
coas cóxegas que lle facían  
os nenínos ao baixar.

### **As lágrimas dos ríos baixan pola**

fervenza  
que frean os balóns inmóbiles da natureza.  
De ríos que choran e berran pola perda.

---

**HÉCTOR BOUZAS**

---

As árbores intentan consolalos movéndose  
sen parar.

Pero o aloumiño non serve de nada.  
Xa se perde e non se ve coa mirada.



## Con verso animado



### **Un corpo, unha máquina**

todos coa mesma táctica.

O estómago, a trituradora,  
sen piedade todo o devora.

Os ollos, as cámaras,  
atópanse en todas as caras.

O nariz, unha depuradora,  
osíxeno, CO<sub>2</sub>, échese toda.

O corazón, o motor,  
se non funciona vén Morte, coa súa implacable cor.

---

**ALEJANDRO  
BUELA**

---

### **As palmeiras son os paraugas do deserto**

Os cans, os ollos dos cegos

A familia, o corazón interno


Os meus amigos caeron do ceo

---

**SIMÓN VENTOSO**

---

## Con verso animado



**As árbores choraban follas no outono,**

as pozas ríanse cos nenos.

Os bancos escoitando os pesadelos

daquelas follas que caían co medo.

---

ENID ALONSO

---

**O encerado está aburrido,**

o ordenador cansado,

todos estresados están

os elementos deste antro.

---

ALBERTE LÓPEZ

---

As mesas son moi crueis,

fanlles traballar aos nenos,

e dos libros xa non falo,

que me dan dor de cabeza.

**Mentres fago construcións**


co húmido pan relado na praia en bañador,

móllanme as saborosas ondas de zume

quentadas polo aceso carbón,

que quenta todo o que atopa co seu lume abrasador.

## Con verso animado



### Os teus ollos

atravésanme como o fogo queima.

---

IDARA PENSADO

---

O teu nariz é o aire  
que fai que o lume creza.

O teu pelo simboliza  
os malos recordos que deixa.


A túa boca é  
a auga a menta  
que refresca.

### 5 razóns polas que cortarías contigo

Se me mentes cousas verdadeiras  
Se me enches o corazón de auga  
Se me dis para sempre nesta vida  
Se me enches de desprezo  
Se me acaricias coas mans cheas de cravos

Non quero que me compares  
Non quero que cando teña feridas me escozan  
Só quero estar xuntos, non coma a noite e o día

## Con verso animado



### Frío abrasador de montes

e praias sen cores.

O mar ennegrecido  
ensínanos a súa rabia  
por non ter xente nas súas  
cálidas praias e soleadas brisas.

Ventos e nubes, todos os días  
contáxiannos a súa ira e a súa depresión  
por estar condenados a vagar pola terra  
sen ningunha salvación.

Bágoas celestes e brillantes  
reclamando a súa vida pasada  
que chora todos os días.

Saraiba cos seus latexos  
tristes e incandescentes.

---

ALICIA CABEZAS

---

## Con verso animado



### **Mirarei o ceo escuro con preocupación**

mirarei o ceo escuro con asexo,  
limparei o ceo escuro con decisión,  
limparei o ceo escuro con desexo.

---

SERGIO GRANDÍO

---

### **Os suspiros da natureza**

agariman os cabelos da terra,  
mentres que as bágoas das montañas  
fan unha longa viaxe.

### **Quero vencer esas guerras, guerras dolorosas.**

Quero cruzar ese fume, fume de pelexa.  
Quero que derrubemos esas fronteiras que  
non nos deixan ver o que esas guerras causan.

---

CANDELA CHAN

---

### **A ponte colorida**

É imposible de cruzar, esa ponte  
interminable, a anos luz de  
distancia.  
O único que podo facer  
é observala e ver a chea de  
cores que reflicte sobre o ceo azul.

## Con verso animado



**A marquesiña protectora agacha os peóns debaixo da súa saia coma unha nai agarimosa.**

A intersección dubidosa espárese o seu contido polos sucos da cidade.

O sinal de tránsito amosa desafiante o seu.

O estacionamento subterráneo abre a súa boca de balea para engulir os coches desvalidos.

---

DAMIÁN DEL RÍO


---

**O vento é o axóuxere dos paxaros, pulmón do ceo.**

A ferverza das nubes derrama unha chea de bágoas.

Cando a tormenta se achega, os tambores do ceo soan furiosos e escóitanse os seus latexos.

## Con verso animado



### **As árbores durmidas**

tapando o sol  
e os arbustos  
sempre xogando a esconderse.

A terra, paseando polo bosque,  
mentres que as herbas a intentan parar.

### **O sol é unha lanterna,**

sempre emitindo luz e  
sempre quente ameazando con estoupar,  
coas nubes loitando para tapar o sol,  
como o algodón nas feridas.


As nubes sempre están movéndose e cambiando,  
nenos medrando cunha enerxía interminable,  
querendo ir ao ceo e ver as estrelas  
e os planetas  
nunha viaxe desesperada  
onde crecer é a terra á que aferrarte.

---

DARÍO FORT

---


## Con verso animado



---

ALEJANDRO  
BUELA

---






## Con verso animado



---

ROCÍO SUÁREZ

---



## Con verso animado



---


ENID ALONSO

---





## Con verso animado



---

EVA NOVIO

---

